



**ACTA DE SINATURA DO PACTO SOBRE SELECCIÓN DE PERSOAL
ESTATUTARIO TEMPORAL NO ÁMBITO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E
ENTIDADES PÚBLICAS ADSCRITAS Á CONSELLERÍA DE SANIDADE**

ASISTENTES

Pola Administración:

Esperanza Fernández Lago
Directora de Recursos Humanos

Francisco Javier Pena Corredoira.
Subdirector xeral de Relacións Laborais, Réxime Xurídico,
Recursos e Reclamacións.

Mercedes Castro Seijas.
Subdirectora xeral de Planificación, Selección e
Desenvolvemento Profesional.

Paula Oliete Trillo.
Subdirectora xeral de Xestión e Políticas de Persoal.

Ángel Facio Villanueva.
Subdirector xeral de Planificación e Ordenación Asistencial.

Luis Arantón Areosa.
Xefe de Servizo de Integración Asistencial.

María Ponte García.
Xefe de servizo de Relacións Laborais.

Alberto López Suárez.
Xefe de Servizo de Réxime Xurídico.

Mª Jesús Rúa Moure.
Xefa de servizo de Planificación.

Javier García Caeiro.
Xefe de servizo de Análise e Organización de Postos.

María José Montero Furelos.
Subdirección xeral de Planificación, Selección e
Desenvolvemento Profesional

Polas Organizacións Sindicais

Mª Xosé Abuín Álvarez (CIG)
Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)
Susana Méndez Rodríguez (CIG)

Rosa Mª Vilas Vidal (UGT)
Javier Martínez Fente (UGT)
Mª Elena Carracedo Durán (UGT)

Lola González Lorenzo (CC.OO)
José Antonio Mallón Becerra (CC.OO)
Irma Cardeso Trillo (CC.OO)

Nuria González Cancelo (CESM)
Enrique Dios Castro (CESM)

Mª Carmen García Rivas (SATSE)
Mª. Pilar Oviedo González (SATSE)

David Dios Núñez (CSI-F)
Carlos Cancela Rodríguez (CSI-F)
Carlos Botana Albá (CSI-F)

Isabel Fernández Aballe (USAE)

Cecilia Dou Marcos (USAE)

Teresa Lourdes Cheda (USAE)

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15703 - Santiago de Compostela - A Coruña

Na sede da Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria, en Santiago de Compostela, o 29 de marzo de 2011, previa convocatoria a todos os membros de Mesa Sectorial coa seguinte orde do día: "Pacto sobre selección de persoal estatutario temporal", as partes

EXPOÑEN:

Tras o correspondente proceso de negociación comparecen as Organizacións Sindicais CC.OO, CEMSATSE, CIG, CSIF, UGT e USAE.

As partes, coa súa sinatura, acordan o seguinte:

1.- Ratificar o texto de Pacto elevado polo grupo de traballo á mesa sectorial coas mudanzas que seguen:

1.1.- I.4.1: Réxime transitorio: en tanto non se publiquen as listas de persoas aspirantes





seleccionadas en aplicación dos criterios contidos no presente Pacto, serán de aplicación respecto de cada categoría e para os chamamentos que resulte necesario efectuar, as últimas listaxes confeccionadas e as normas de xestión contidas no Pacto de 2004. (DOG do 1 de xuño de 2004).

1.2.- II.1.1.c: Respecto da capacidade funcional establécese no parágrafo segundo que en aras da protección da seguridade e saúde dos profesionais e da calidade asistencial a Administración sanitaria poderá requirir en calquera momento da UPRL ou órgano competente (...). Ao final deste parágrafo engádese: "(...) no entanto a persoa aspirante suspendida, poderá solicitar ante o citado órgano a revisión da súa capacidade funcional, no caso de considerar que se produciu unha mudanza desta".


1.3.- II.7 e II.10: Engádese "unha experiencia profesional mínima de dous meses no Sistema Nacional de Saúde".

Ao marxe do que antecede as partes acadan os seguintes Acordos:

2.- En relación coa situación actual do sistema de incorporación do persoal facultativo especialista de área no SERGAS, as partes comprométense a traballar ao longo do ano 2011 na configuración dunha bolsa de traballo de facultativos especialistas de área para os nomeamentos estatutarios de curta duración non regulados no Decreto 206/2005.

A selección de aspirantes dentro da dita bolsa de traballo realizarase coa máxima axilidade conforme a criterios obxectivos vinculados a mérito e capacidade, sen prexuízo de contemplar as características específicas no ámbito asistencial e territorial propias da necesidade a cubrir.

3.- Comezar a negociar no ano 2011 o sistema de selección temporal aplicable ao persoal funcionario da Escala de Saúde Pública e Administración Sanitaria (Lei





17/1989, de 23 de outubro, de Creación de Escalas do Persoal Sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma).

4.- A orde de subsidiariedade prevista no Anexo II refírese exclusivamente á selección temporal, sen que supoña pronunciamento ningún das partes sobre os itinerarios profesionais do persoal licenciado sanitario.

5.- A incompatibilidade entre as listaxes de DUE e matróns/as baseada en razóns asistenciais e de déficit destes últimos profesionais, manterase ata tanto persistan as circunstancias que a motivan. No caso de que estas muden e que concorran as suficientes garantías organizativamente apreciadas, poderase proceder á súa compatibilidade nos termos do punto I.5.1 do Pacto.

Coa sinatura desta acta a Administración procederá a iniciar as actuacións precisas para a aprobación deste Pacto polo órgano competente e a súa efectividade, previos os informes e autorizacións preceptivas.

Santiago de Compostela, a 29 de marzo de 2011.

Pola Administración:

Polas organizacións sindicais:

CC.OO

CIG

UGT

CEMSATSE

CSIF

USAE

